

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

408 *Real decreto 1695/2012, do 21 de decembro, polo que se aproba o Sistema nacional de resposta ante a contaminación mariña.*

De acordo co disposto no artigo 149.1.20.^a da Constitución española, que confire ao Estado competencia exclusiva en materia de mariña mercante, os artigos 263 e 264.1 e 2 do Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, outorgan ao Goberno, por proposta do ministro de Fomento, a facultade de aprobar o Plan nacional de servizos de salvamento da vida humana no mar e a loita contra a contaminación do medio mariño. Os plans que nestas materias aproben as comunidades autónomas débense acomodar ás directrices sobre coordinación e mobilización de recursos que figuren no Plan nacional.

Pola súa vez, o artigo 149.1.23.^a da Constitución española atribúe ao Estado a competencia para ditar a lexislación básica en materia de ambiente. Neste sentido, o artigo 110 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, na súa letra l) atribúelle ao Estado a execución dos acordos e convenios internacionais en materia da súa competencia, e este poderá adoptar as medidas adecuadas para a súa observancia.

Así mesmo, o artigo 110 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, confire ao Estado facultades de tutela e salvagarda do dominio público estatal ao abeiro do mandato obxecto do artigo 132.2 da Constitución española, de acordo cos criterios xurisprudenciais establecidos polo Tribunal Constitucional na Sentenza 149/1991, do 4 de xullo, conforme a cal a titularidade estatal sobre os bens de dominio público marítimo-terrestre implica que o Estado está obrigado a protexer o demanio marítimo-terrestre co fin de asegurar o mantemento da súa integridade física ou xurídica, así como o seu uso público.

En aplicación do artigo 149.1.29.^a da Constitución española, referido á competencia exclusiva do Estado sobre seguridade pública, a Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, de protección civil, e a súa normativa de desenvolvemento regulan as actuacións que se desempeñarán e a coordinación que se porá en práctica entre as administracións públicas para facer fronte ás situacións de grave risco colectivo, calamidade pública ou catástrofe extraordinaria que poidan afectar o territorio español.

Doutra banda, o Convenio internacional sobre cooperación, preparación e loita contra a contaminación por hidrocarburos de 1990, coñecido polas siglas OPRC 90, e o seu Protocolo sobre substancias nocivas e potencialmente perigosas, coñecido polas siglas OPRC-HNS 2000, ratificados por España o 12 de xaneiro de 1994 e o 27 de xaneiro de 2005, respectivamente, teñen como obxectivo a cooperación internacional e a asistencia mutua en incidentes maiores de contaminación mariña, e o desenvolvemento e mantemento nos Estados parte da adecuada capacidade de preparación e resposta fronte a emerxencias de contaminación mariña de todos os niveis, xa sexa esta causada por hidrocarburos ou por substancias nocivas e potencialmente perigosas. Tanto o Convenio OPRC 90 como o Protocolo OPRC-HNS 2000 están en vigor, de forma xeral e para España, desde o 13 de maio de 1995 e o 14 de xuño de 2007, respectivamente.

O Convenio OPRC 90 determina no seu artigo 6 a obriga de estableceren, os Estados parte, un «Sistema nacional» para facer fronte con prontitude e de xeito eficaz aos sucesos de contaminación por hidrocarburos. Pola súa banda, o Protocolo OPRC-HNS 2000, no seu artigo 4, establece esta mesma obriga para os sucesos de contaminación por substancias nocivas e potencialmente perigosas. O Sistema nacional deberá cubrir, polo tanto, ambas as fontes posibles de contaminación mariña.

En aplicación do disposto nas normas anteriormente citadas, o Real decreto 253/2004, do 13 de febreiro, polo que se establecen medidas de prevención e loita contra a contaminación nas operacións de carga, descarga e manipulación de hidrocarburos no

ámbito marítimo e portuario, constituíu a normativa fundamental aplicable a nivel nacional no ámbito da contaminación, ben que, como a súa denominación manifesta, circunscrita ao ámbito dos hidrocarburos. Pola súa vez, o Plan nacional de continxencias por contaminación mariña accidental aprobouse para facer fronte aos supostos de contaminación por hidrocarburos e contén recomendacións para a elaboración dos plans territoriais, competencia das comunidades autónomas, e dos plans interiores, referidos a instalacións mar dentro, portos, terminais marítimos ou a industrias litorais.

Non obstante, as disposicións anteriormente citadas regulan os sucesos de contaminación mariña que teñan por causa a vertedura de hidrocarburos, sen recoller nin regular aqueles supostos en que a causa da contaminación veña dada por outras substancias distintas dos hidrocarburos.

Para os efectos de cubrir o baleiro legal exposto e de acordo coas disposicións anteriormente citadas, co fin de cumprir os mandatos que estas establecen, cómpre crear e regular un sistema de organización interadministrativa que constituía o instrumento técnico e de coordinación entre as diversas administracións públicas con competencia na materia, susceptible de proporcionar unha resposta adecuada aos supostos de contaminación do medio mariño e da ribeira do mar, respectando en todo caso as competencias e funcións que ás comunidades autónomas litorais e ás cidades de Ceuta e Melilla atribúe o ordenamento xurídico, de conformidade co previsto nos seus estatutos de autonomía.

Froito do anteriormente exposto, este real decreto proporciona os mecanismos de resposta ante os diversos sucesos e incidentes derivados da contaminación marítima e da ribeira do mar, mediante a creación dos órganos precisos e o desenvolvemento dos sistemas de relación e coordinación das diversas administracións públicas competentes na materia para os efectos de garantir unha actuación eficaz respecto dos supostos de contaminación.

Débase sinalar tamén que a dispoñibilidade dun marco normativo para a coordinación integral no ámbito da loita contra a contaminación mariña accidental constituíe un asunto de especial interese para o Sistema nacional de xestión de situacións de crise. Tamén, desde a perspectiva do ámbito funcional da contaminación marítima, o novo marco normativo que establece este real decreto configúrase como un medio complementario dos instrumentos de planificación e salvagarda derivados do mandato da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño, e do establecemento das estratexias mariñas que a dita lei regula, con suxeición aos distintos ámbitos funcionais delimitados pola política de prevención da contaminación marítima no marco da política e obxectivos da mariña mercante e no da protección e bo estado ambiental do medio mariño.

Sobre este real decreto emitiron informe as comunidades autónomas litorais e as cidades de Ceuta e Melilla, que colaboraron na súa elaboración. Así mesmo, someteuse a informe da Comisión Nacional de Protección Civil, da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, que manifestaron a súa aprobación, e doutros departamentos ministeriais, entre eles o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e o Ministerio de Defensa.

Na súa virtude, por proposta conxunta da ministra de Fomento, do ministro do Interior e do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de decembro de 2012,

DISPOÑO:

Artigo único. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Apróbase o Sistema nacional de resposta ante un suceso de contaminación mariña que se xunta a este real decreto e que será de aplicación a todos aqueles casos de contaminación mariña accidental ou deliberada, calquera que sexa a súa orixe ou natureza, que afecte ou poida afectar tanto as augas marítimas sobre as que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, como as costas españolas.

Disposición adicional primeira. *Prazo para a elaboración dos plans.*

As autoridades dependentes da Administración xeral do Estado responsables da aprobación dos plans, así como calquera entidade privada que, de acordo con este real decreto, deba elaborar e aplicar un plan de continxencias por contaminación mariña, deberán dispor deste no prazo máis breve posible e, en todo caso, antes de 12 meses contados a partir da entrada en vigor da presente norma.

O disposto no parágrafo anterior entenderase sen prexuízo do prazo que poidan establecer as autoridades competentes das distintas administracións territoriais implicadas no Sistema nacional de resposta para a elaboración dos seus plans.

Disposición adicional segunda. *Colaboración para a elaboración dos plans.*

Os ministerios de Fomento, de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e do Interior prestarán ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla que o soliciten o asesoramento e a colaboración necesarios para lograr a mellor coordinación posible dos distintos plans territoriais, ao abeiro do disposto no artigo 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional terceira. *Zona de mar dentro.*

Facúltase o ministro de Fomento para fixar a zona de «mar dentro» a que se refire o número 4 do artigo 4 do Sistema nacional de resposta, con suxeición aos requisitos exixidos polo artigo II a), i) ii) do Protocolo de 1992 que emenda o Convenio internacional sobre responsabilidade civil nacida de danos debidos a contaminación por hidrocarburos de 1969, logo de informe do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e con suxeición aos límites das augas en que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición de acordo coa lexislación vixente, para determinar cando unha instalación marítima situada mar dentro queda suxeita ao disposto polo Sistema nacional de resposta ante a contaminación mariña.

Disposición adicional cuarta. *Plans interiores marítimos de instalacións que manexan no ámbito marítimo e portuario substancias a granel, nocivas e potencialmente perigosas, distintas aos hidrocarburos.*

As instalacións que manexan no ámbito marítimo e portuario substancias a granel, nocivas e potencialmente perigosas, distintas aos hidrocarburos, e que se encontran polo tanto fóra do ámbito de aplicación do Real decreto 253/2004, do 13 de febreiro, polo que se establecen medidas de prevención e loita contra a contaminación nas operacións de carga, descarga e manipulación de hidrocarburos no ámbito marítimo e portuario, deberán aprobar os seus plans interiores marítimos segundo o disposto neste real decreto.

Disposición adicional quinta. *Implicacións no ámbito da planificación de protección civil de sucesos de contaminación costeira.*

Os plans de continxencia que integran o subsistema costeiro do Sistema nacional de resposta integraranse, de ser o caso, no sistema de resposta de protección civil, no nivel territorial que en cada caso corresponda, naqueles supostos de contaminación costeira que poidan afectar a seguridade das persoas e dos bens.

Disposición transitoria única. *Vixencia dos plans existentes.*

1. Os plans interiores de continxencias por contaminación mariña accidental para as instalacións que manexan hidrocarburos no ámbito marítimo e portuario, regulados no Real decreto 253/2004, do 13 de febreiro, terán a consideración de plans interiores marítimos para os efectos deste real decreto e continuarán vixentes sen necesidade de

modificación. Para as modificacións dos citados plans que requiran dunha nova aprobación, así como para a aprobación de novos plans, observárase o disposto no artigo 4 do Sistema nacional de resposta e, no que non contradiga este último precepto, no artigo 3 do Real decreto 253/2004, do 13 de febreiro.

2. Os plans territoriais existentes ata a data manterán a súa vixencia mentres se adaptan ao disposto neste real decreto.

3. Ata a entrada en vigor do Plan marítimo nacional que se crea neste real decreto, seguirá en vigor o Plan nacional de continxencias por contaminación mariña accidental.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

De forma específica, o Real decreto 253/2004, do 13 de febreiro, polo que se establecen medidas de prevención e loita contra a contaminación nas operacións de carga, descarga e manipulación de hidrocarburos no ámbito marítimo e portuario, derrógase na medida e co alcance establecidos na disposición transitoria única deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase de acordo co artigo 149.1.20.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado as competencias exclusivas en materia de mariña mercante; co artigo 149.1.23.^a, que atribúe ao Estado competencias para ditar lexislación básica do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección do ambiente no seu territorio, e co artigo 149.1.29.^a, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre seguridade pública.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento normativo.*

Habílanse os ministros de Fomento, do Interior e de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, no ámbito das súas competencias, para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido no presente real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de decembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN.

Sistema nacional de resposta ante un suceso de contaminación mariña

Artigo 1. *Obxecto do Sistema nacional de resposta ante un suceso de contaminación mariña.*

1. O Sistema nacional de resposta ante un suceso de contaminación mariña ten por obxecto establecer, ante un feito desta natureza, un marco xeral de actuación integrado por plans de continxencias de distinto rango e co fin de:

a) Definir as liñas xerais de actuación, de acordo cos requirimentos do Convenio internacional sobre cooperación, preparación e loita contra a contaminación por hidrocarburos de 1990 (OPRC 90), o seu Protocolo sobre substancias nocivas e

potencialmente perigosas (OPRC-HNS 2000) e demais normativa internacional aplicable á prevención e loita contra a contaminación mariña.

b) Definir as pautas de activación dos plans en función dunhas situacións de emerxencia establecidas de acordo coa gravidade do suceso.

c) Establecer fórmulas de coordinación para os supostos en que se encontren activados varios plans de forma simultánea.

d) Establecer un protocolo de comunicación da activación dos plans.

e) Definir as actuacións das diversas administracións públicas competentes, así como doutras institucións públicas e privadas, na utilización de medios aplicables na loita contra a contaminación mariña.

f) Adecuar a coordinación e colaboración entre todas as administracións públicas competentes e entidades públicas e privadas que dispoñan de medios de loita contra a contaminación.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos do disposto neste sistema nacional de resposta, enténdese por:

a) «Suceso de contaminación mariña»: un acontecemento ou serie de acontecementos da mesma orixe que supoñan a introdución directa ou indirecta no medio mariño de substancias ou enerxía que provoquen ou poidan provocar efectos nocivos (como riscos para a saúde humana, prexuízos aos recursos vivos e aos ecosistemas mariños ou costeiros, incluída a perda de biodiversidade, os obstáculos ás actividades marítimas, especialmente á pesca, ao turismo, ás actividades de lecer e demais usos lexítimos do mar, unha alteración da calidade das augas mariñas que limite a súa utilización e unha redución do seu valor recreativo, ou, en termos xerais, un menoscabo do uso sustentable dos bens e servizos mariños) e que exixan medidas de emerxencia ou outra resposta inmediata.

b) «Costa»: a ribeira do mar e das rías, tal como se define no artigo 3 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, así como aqueles elementos pertencentes ao dominio público marítimo-terrestre susceptibles de seren afectados pola contaminación mariña (cantís, illotes, accesións, etc.) e que se definen no artigo 4 da dita lei.

c) «Instalacións marítimas»: recintos ou estruturas situadas nos portos, na costa ou mar dentro, provistos dos medios necesarios para levar a cabo actividades comerciais ou industriais con risco de producir sucesos de contaminación mariña por hidrocarburos ou produtos químicos, así como aquelas outras que, se é o caso, determine a Administración marítima.

d) «Terminal de manipulación de mercadorías»: aquela instalación marítima destinada a realizar a transferencia de mercadorías entre os modos marítimo e terrestre, ou no modo marítimo, que pode incluír superficies anexas para depositar mercadorías e elementos de transporte.

e) «Plan de continxencias»: instrumento xurídico e técnico polo que se regulan os procedementos de organización e actuación das administracións públicas e entidades públicas e privadas, comprensivo da estruturación, disposición de medios persoais e materiais e a dirección e seguimento das operacións ante un suceso de contaminación mariña.

f) «Ámbito de aplicación dos plans de continxencias»: espazo afectado, ou con risco de ser afectado, por un suceso de contaminación no cal se executan as actuacións previstas nos distintos plans. Nos portos, o ámbito de aplicación quedará definido pola súa zona I ou interior das augas portuarias no caso de portos de interese xeral, ou pola zona interior das súas augas portuarias, delimitada polos seus diques de abrigo ou elemento xeográfico equivalente, no caso de portos autonómicos. Nas instalacións ou terminais, o ámbito de aplicación será o espazo de auga que bordee a instalación ou terminal e cuxa largura será o dobre da eslora do maior buque que poida operar nela e, en todo caso, como mínimo 100 metros de raio, salvo nas plataformas petrolíferas, caso en que a largura será do raio dunha milla.

g) «Medidas de emerxencia e resposta inmediata»: decisións e actuacións que teñen por obxectivo a prevención e evitación de novos danos e a reparación dos xa producidos.

h) «Perigosidade»: capacidade intrínseca dunha substancia ou potencialidade dun suceso de contaminación mariña para ocasionar, directa ou indirectamente, danos ás persoas, perdas materiais e deterioración do ambiente.

i) «Zona especialmente vulnerable»: aquela que, polos seus valores naturais, a súa situación xeográfica ou os intereses xerais que protexer, precise dun especial grao de protección, e así se encontre clasificada no plan territorial da comunidade autónoma correspondente ou das cidades de Ceuta e Melilla, ou no Plan estatal de protección da ribeira do mar.

Artigo 3. *Subsistemas de resposta.*

O Sistema nacional de resposta prevé dous subsistemas, cuxos ámbitos de actuación serán as augas marítimas e a costa, respectivamente.

1. O subsistema marítimo está integrado polos seguintes plans de continxencias:

a) Plan marítimo nacional: plan de continxencias ante un suceso de contaminación mariña que afecte ou poida afectar as augas en que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, no marco do artigo 264 do Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.

b) Plan interior marítimo: plan de continxencias ante un suceso de contaminación mariña que se produza dentro do seu ámbito de aplicación, nun porto, un terminal marítimo de manipulación de mercadorías, unha plataforma mariña de exploración ou explotación de recursos naturais no mar, así como calquera outra instalación marítima situada en zonas onde España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición.

Poderán formar parte do subsistema marítimo as estruturas organizativas dos medios dispoñibles das comunidades autónomas ou das cidades de Ceuta e Melilla para facer fronte a determinadas operacións no mar. Tales estruturas deberanse integrar co Plan marítimo nacional, nos termos previstos neste real decreto e de acordo cos criterios do vixente Plan nacional de servizos especiais de salvamento da vida humana no mar e da loita contra a contaminación do medio mariño, así como cos posibles acordos ou convenios específicos que puidesen existir para estes efectos.

2. O subsistema costeiro está composto polos seguintes plans de continxencias:

a) Plan estatal de protección da ribeira do mar contra a contaminación: plan de continxencias ante un suceso de contaminación mariña que afecte ou poida afectar a costa e que requira a intervención da Administración xeral do Estado a través do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e, de ser o caso, do Ministerio do Interior, atendendo aos criterios de activación previstos nos artigos 7 e 8 deste real decreto.

b) Plans territoriais de comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla de protección da ribeira do mar contra a contaminación (en diante, plans territoriais): plan de continxencias ante un suceso de contaminación mariña que afecte ou poida afectar a costa dunha comunidade autónoma ou das cidades de Ceuta e Melilla.

c) Plans locais de protección da ribeira do mar contra a contaminación (en diante, plans locais): plan de continxencias ante un suceso de contaminación que afecte ou poida afectar o ámbito territorial dunha entidade local costeira.

Artigo 4. *Elaboración e aprobación dos plans de continxencias integrados no Sistema nacional de resposta.*

A elaboración e a aprobación dos distintos plans de continxencias rexeranse polas seguintes normas:

1. O Plan marítimo nacional elaborarao e aprobaraos o Ministerio de Fomento, co apoio técnico especializado do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para os aspectos específicos relacionados coa recuperación de especies, biodiversidade mariña e zonas mariñas con algunha figura de protección.

2. O Plan estatal de protección da ribeira do mar contra a contaminación elaborarao e aprobaraos o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, logo de informe da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, do Consello Asesor de Medio Ambiente e da Comisión Nacional de Protección Civil, co apoio técnico especializado do Ministerio de Fomento para os aspectos específicos relacionados coa preparación e loita contra a contaminación na costa proveniente de buques e instalacións fixas e do Ministerio do Interior no relativo á protección de persoas e bens.

3. Os plans territoriais serán elaborados e aprobados polas autoridades competentes de cada unha das comunidades autónomas litorais e cidades de Ceuta e Melilla e serán homologados pola Comisión Nacional de Protección Civil, segundo o previsto na Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre protección civil.

4. Os plans interiores marítimos, correspondentes a unha instalación marítima situada «mar dentro» ou en augas sobre as cales España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, deberán ser elaborados polas autoridades ou empresas a cargo deles e aprobados pola Dirección Xeral da Mariña Mercante do Ministerio de Fomento. Da aprobación destes plans darase coñecemento ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, ao Ministerio do Interior, ao Ministerio de Defensa e, de ser o caso, ás autoridades competentes de cada unha das comunidades autónomas litorais e das cidades de Ceuta e Melilla.

5. Os plans interiores marítimos, pertencentes a portos que non sexan de titularidade estatal e a instalacións marítimas situadas na costa fóra do ámbito portuario estatal, deberán ser elaborados polas autoridades ou empresas a cargo deles e aprobados pola comunidade autónoma ou polas cidades de Ceuta e Melilla en cuxo territorio se encontren situados, logo de informe vinculante da capitanía marítima. Da aprobación destes plans darase coñecemento á correspondente delegación do Goberno.

6. Os plans interiores marítimos, relativos a instalacións situadas no ámbito portuario de titularidade estatal, serán elaborados polas empresas a cargo deles e aprobados pola capitanía marítima, logo de informe vinculante da comunidade ou das cidades de Ceuta e Melilla no que afecte a parte costeira, e da autoridade portuaria que, ademais, os terá en conta para a elaboración do seu propio plan interior marítimo. Da aprobación destes plans darase coñecemento á delegación do Goberno.

7. Os plans interiores marítimos dos portos de titularidade estatal serán elaborados polas autoridades portuarias correspondentes e aprobados pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, logo de informe da capitanía marítima e da comunidade autónoma litoral ou das cidades de Ceuta e Melilla, se é o caso, que será vinculante no que afecte a parte costeira. Da aprobación destes plans darase coñecemento á Delegación do Goberno.

8. Os plans locais serán elaborados e aprobados pola Administración local competente, se é o caso, e homologados pola comunidade autónoma. Todo iso nos termos establecidos na normativa autonómica correspondente. Da aprobación destes plans darase coñecemento á Delegación do Goberno.

Artigo 5. *Contido dos distintos plans de continxencias.*

1. De acordo coas recomendacións da Organización Marítima Internacional e co obxecto de contar cunha terminoloxía e indicadores homoxéneos en todos os plans de continxencias, estes deberán ter o seguinte contido mínimo:

- a) Ámbito de aplicación do plan.
- b) Análise de riscos e áreas vulnerables, na cal se fará unha avaliación dos posibles riscos de contaminación en función das condicións meteorolóxicas, oceanográficas e ambientais, así como das características e condicións de operación das instalacións,

identificando, se é o caso, as áreas máis vulnerables que se deberán protexer, mediante os correspondentes mapas de sensibilidade da zona incluída no seu ámbito de aplicación. Nas análises de riscos terase en consideración, en todo caso, a posible perigosidade para as persoas dos distintos supostos e tipos de contaminación mariña susceptibles de afectaren a área da costa de que se trate.

c) Determinación das circunstancias de activación do plan, segundo as fases e situacións que se poidan presentar, en función da gravidade do suceso e dos medios materiais e humanos que cómpre mobilizar.

d) Composición e funcións dos órganos de dirección e resposta do plan, onde se identificarán os cargos directivos responsables de dirixir as operacións, así como os equipos de resposta incluídos no plan, e os labores de cada un deles.

e) Procedemento de notificación de incidencias, onde se describirá o sistema de comunicación ás autoridades competentes, o contido das comunicacións, así como a persoa ou departamento responsable de tal notificación.

f) Sistema de coordinación con outros plans, no cal se determinará o procedemento de integración ou coordinación do plan con outros de igual ou superior rango, de acordo cos criterios establecidos neste sistema nacional de resposta.

g) Procedemento de actuación, que definirá os protocolos que se deberán pór en práctica en caso de continxencia, así como as medidas de resposta inmediata que teñen por obxectivo a prevención e evitación de novos danos e a reparación dos xa producidos.

h) Circunstancias en que se declarará a fin da continxencia, cando se poida considerar rematado o episodio de contaminación que a orixinou.

i) Inventario de medios dispoñibles baixo o seu ámbito de competencia, onde se describirán os medios materiais dispoñibles para a contención e recuperación dun derramamento contaminante (equipamentos de protección persoal, material de contención e recollida do derramamento, equipamentos de limpeza e descontaminación, ou depósitos e estacións de xestión de residuos tóxicos e perigosos, entre outros), incluíndo a identificación do lugar ou lugares de depósito e os responsables da súa custodia, mantemento e operación.

j) Programa de mantemento dos medios materiais dispoñibles, especificando os períodos de revisión e as operacións de mantemento, de acordo coa experiencia previa e as indicacións do fabricante de cada equipamento.

k) Programa de adestramento e exercicios periódicos de simulación de activación do plan, onde se establecerán tanto os cursos teóricos de formación do persoal adscrito á loita contra a contaminación como os distintos niveis de exercicios prácticos que se realizarán e a súa periodicidade.

l) Procedemento de revisión do plan, no cal se definirán as condicións e prazos para realizar revisións periódicas del, así como a constitución dunha comisión encargada dos traballos de revisión e do seguimento de resultados na aplicación práctica do plan.

2. O especificado no presente artigo será de aplicación aos plans locais, de acordo co réxime constitucional correspondente ao título competencial específico de que se trate en cada caso.

Artigo 6. *Órganos de dirección e resposta dun plan de continxencias.*

1. A estrutura de resposta dun plan de continxencias, calquera que sexa o seu rango, adaptarase aos esquemas adoptados pola Organización Marítima Internacional e deberá contar cos seguintes órganos:

a) Un director da emerxencia, cuxo labor é activar ou desactivar o plan, establecer as liñas xerais de actuación e as directrices que seguirán os grupos de resposta mediante a oportuna toma de decisións, realizar o seguimento dos resultados e manter as relacións institucionais entre as administracións públicas competentes.

b) Un comité técnico asesor, formado por expertos cuxos coñecementos en materias científicas, técnicas, xurídicas ou económicas puidesen ser relevantes e cuxo labor é asesorar o director da emerxencia.

c) Un coordinador de operacións, a cuxo cargo está a dirección dos grupos de resposta que actúan na zona afectada, que exercerá as súas funcións con suxeición ás directrices que para o efecto imparta o director da emerxencia.

d) Uns grupos de resposta encargados, segundo o plan a que estean adscritos, da resposta inmediata ante o risco (de explosión, incendio ou risco químico, entre outros), do manexo dos equipamentos de loita contra a contaminación, da recuperación dos produtos derramados, da adecuada xestión dos residuos recollidos, da limpeza de áreas contaminadas e da protección da biodiversidade.

e) Un gabinete de relacións públicas, encargado das relacións cos medios de comunicación e da difusión dos comunicados elaborados polo director da emerxencia sobre a evolución da situación.

f) Un grupo de apoio loxístico, encargado de atender as necesidades dos grupos de resposta.

2. Esta estrutura de resposta estará limitada no tempo, xa que só funcionará cando se active un plan de continxencias; a partir dese momento actuará e estará vixente tan só durante o tempo que o plan permaneza activado.

3. O especificado no presente artigo será de aplicación aos plans locais, de acordo co réxime constitucional correspondente ao título competencial específico de que se trate en cada caso.

Artigo 7. *Fases e situacións de emerxencia.*

1. Para establecer as fases e situacións de emerxencia e activar o plan ou plans correspondentes no adecuado grao de resposta, teranse en conta as seguintes circunstancias:

a) Magnitude e perigosidade do suceso de contaminación, clase e tipo do axente contaminante e lugar da contaminación.

b) Superficie e vulnerabilidade das áreas potencialmente afectadas, atendendo a razóns económicas, ambientais, de protección da saúde e da vida humana.

c) Medios necesarios.

2. As fases e situacións de emerxencia son as seguintes:

I) Fase de alerta. A fase de alerta dun determinado plan ou conxunto de plans do Sistema nacional de resposta ante un suceso de contaminación mariña implicará a posta en disposición de actuar dos medios e recursos mobilizables, segundo o ámbito de competencias do plan ou plans de que se trate e no grao de resposta que corresponda ás características do posible suceso.

II) Fase de emerxencia. Considerarase fase de emerxencia cando, producido un suceso de contaminación mariña, a prevención e redución dos danos derivados ou que poidan derivar del exixen a mobilización de medios e recursos dun ou máis plans dos que integran o Sistema nacional de resposta:

a) Situación 0: producirase cando teña lugar un episodio de contaminación mariña de pequena magnitude e perigosidade, caracterizado por algunha das seguintes circunstancias:

i) Que a contaminación mariña estea dentro do ámbito de aplicación dun plan interior marítimo ou/e un plan local.

ii) Que a contaminación estea dentro do ámbito de aplicación dos plans interiores marítimos.

iii) Que a contaminación afecte ou poida afectar exclusivamente e de forma limitada a fronte costeira dunha entidade local.

Nesta situación de emerxencia activaranse, polo menos, no grao de resposta adecuado, o plan interior marítimo ou/e o plan local que corresponda.

b) Situación 1: producírase cando teña lugar un episodio de contaminación mariña de magnitude ou perigosidade media, caracterizado por algunha das seguintes circunstancias:

i) Que os medios dispoñibles nos plans activados na situación 0 resulten insuficientes para combater a contaminación.

ii) Que a contaminación se produza fóra do ámbito de aplicación dos plans interiores marítimos.

iii) Que polas circunstancias de vulnerabilidade da zona afectada ou ameazada, aínda sendo aplicable a situación 0, se considere necesario por parte das autoridades responsables activar os plans correspondentes á situación 1 no grao de resposta que se considere oportuno.

iv) Que a contaminación afecte ou poida afectar o tramo de costa correspondente a varios municipios limítrofes.

Nesta situación de emerxencia activaranse, no grao de resposta adecuado, ademais do plan interior marítimo, se é o caso, polo menos o plan territorial da comunidade autónoma e/ou das cidades de Ceuta ou Melilla ou os plans locais do ámbito correspondente e, de ser o caso, o Plan marítimo nacional.

c) Situación 2: producírase cando teña lugar algunha das seguintes circunstancias:

i) Que os medios dispoñibles nos plans activados na situación 1 resulten insuficientes para combater a contaminación.

ii) Que a zona afectada ou ameazada sexa especialmente vulnerable.

Nesta situación de emerxencia activaranse, no grao de resposta oportuno, os plans locais do ámbito correspondente, o plan territorial da comunidade autónoma ou da cidade de Ceuta ou de Melilla afectada e, de ser o caso, o plan interior marítimo. O órgano de dirección do plan territorial poderá solicitar do Ministerio de Fomento o apoio de medios marítimos e, de ser o caso, a activación do Plan marítimo nacional. Así mesmo, o órgano de dirección poderá solicitar do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a mobilización de medios do Plan estatal de protección da ribeira do mar contra a contaminación, medios que, de ser o caso, se integrarán no plan territorial.

d) Situación 3: producírase cando teña lugar un episodio de contaminación mariña de gran magnitude ou perigosidade, caracterizado por algunha das seguintes circunstancias:

i) Que a contaminación afecte ou poida afectar a costa de varias comunidades autónomas.

ii) Que a contaminación poida afectar as augas ou a costa de Estados limítrofes.

iii) Que a contaminación se produza en augas baixo soberanía dos Estados limítrofes, pero que poida pór en perigo, pola súa perigosidade, extensión e proximidade xeográfica, as augas marítimas sobre as cales España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, ou as costas españolas.

iv) Que, estando en perigo a seguridade de persoas e bens, a emerxencia sexa declarada de interese nacional polo ministro do Interior, segundo o establecido na Norma básica de protección civil, aprobada polo Real decreto 407/1992, do 24 de abril.

Nesta situación de emerxencia activaranse o Plan marítimo nacional e o Plan estatal de protección da ribeira do mar contra a contaminación, ademais dos plans territoriais das comunidades autónomas ou das cidades de Ceuta e Melilla afectadas, así como, de ser o caso, os plans interiores marítimos e os plans locais correspondentes.

Artigo 8. Activación e relación entre os distintos plans.

1. Plans do subsistema marítimo:

a) Os plans interiores marítimos serán activados pola autoridade ou empresa a cargo deles, no grao de resposta adecuado.

b) A activación dun plan interior marítimo en fase de emerxencia implicará a declaración da fase de alerta do Plan marítimo nacional e do plan territorial correspondente, así como dos esquemas de organización ou funcionamento de que dispoñan, de ser o caso, as comunidades autónomas litorais ou as cidades de Ceuta e Melilla para faceren fronte a determinadas actuacións no mar.

c) O Plan marítimo nacional será activado pola autoridade marítima cando resulte necesario para a prevención ou mitigación dos danos, coa conseguinte mobilización dos medios de intervención adscritos a el. A utilización de medios mobilizados con anterioridade polos outros plans do subsistema marítimo realizarase no marco de actuación do Plan marítimo nacional e seguindo os seus protocolos.

2. Plans do subsistema costeiro:

a) Os plans territoriais e os plans locais serán activados polas autoridades competentes en cada caso, no grao de reposta adecuado.

b) A activación dun plan local suporá a declaración da fase de alerta do correspondente plan territorial. Pola súa vez, a activación dun plan territorial suporá a declaración da fase de alerta do Plan estatal de protección da ribeira do mar contra a contaminación.

c) O Plan estatal de protección da ribeira do mar contra a contaminación será activado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. A mobilización de medios de intervención do plan terá lugar segundo o previsto nas situacións 2 e 3 consideradas no artigo 7.2 deste real decreto.

d) No caso de que medios do Plan estatal de protección da ribeira do mar contra a contaminación sexan mobilizados en situación 2, os ditos medios complementarán os do plan territorial que fose activado. En tal caso, un representante do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, ao cal corresponderá a coordinación dos medios achegados polo plan estatal, formará parte do centro de coordinación operativa desde o cal se dirixa a emerxencia. Nos casos de emerxencia declarados como situación 3, a utilización de medios mobilizados con anterioridade polos outros plans do subsistema costeiro realizarase no marco de actuación do Plan estatal de protección da ribeira do mar contra a contaminación e seguindo os seus protocolos.

Artigo 9. Protocolo de comunicación de activación de plans do subsistema marítimo.

No caso de activación dalgún dos plans do subsistema marítimo e co obxectivo de articular unha resposta adecuada e eficaz, establécese o seguinte protocolo de comunicación:

1. Cando a autoridade ou empresa a cargo dun plan interior marítimo acorde a súa activación, comunicarllelo ás autoridades locais e autonómicas correspondentes e á Capitanía Marítima, que informará a Delegación do Goberno na comunidade autónoma ou cidade de Ceuta ou Melilla correspondente e os servizos provinciais de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

2. Cando o órgano competente dunha comunidade autónoma ou das cidades de Ceuta e Melilla que dispoña de estrutura organizativa e medios propios para facer fronte ás operacións no mar active a dita estrutura, comunicarllelo ás autoridades locais afectadas e á Delegación do Goberno, quen informará a Capitanía Marítima, a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior e a Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar.

3. Cando a autoridade marítima acorde a activación do Plan marítimo nacional, comunicarllelo inmediatamente ao Departamento de Seguridade Nacional, á Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior, ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e á Delegación do Goberno, quen dará traslado desta circunstancia ás administracións territoriais que se puidesen ver afectadas.

Artigo 10. *Protocolo de comunicación de activación de plans do subsistema costeiro.*

No caso de activación dalgún dos plans do subsistema costeiro e co obxectivo de articular unha resposta adecuada e eficaz, establécese o seguinte protocolo de comunicación:

1. Cando o órgano competente active un plan local, comunicarllelo á súa comunidade autónoma e á Delegación do Goberno nesa comunidade, quen informará a Capitanía Marítima e os servizos provinciais de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

2. Cando o órgano competente dunha comunidade autónoma ou das cidades de Ceuta e Melilla active o seu correspondente plan territorial, comunicarllelo ás autoridades locais afectadas e á Delegación do Goberno, quen informará a Capitanía Marítima, a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior e a Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar.

3. A activación do Plan estatal de protección da ribeira do mar contra a contaminación deberá ser comunicada polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ás autoridades autonómicas e locais afectadas, a través das delegacións do Goberno nas ditas comunidades autónomas ou nas cidades de Ceuta e Melilla, á Dirección Xeral da Mariña Mercante, á Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior e ao Centro Nacional de Condución de Situacións de Crise.

Artigo 11. *Coordinación de emerxencias por autoridades designadas polas comunidades autónomas ou polas cidades de Ceuta e Melilla.*

1. O coordinador xeral da emerxencia será designado pola comunidade autónoma ou polas cidades de Ceuta e Melilla correspondentes sempre que os únicos plans activados sexan un plan territorial ou un ou varios plans locais dunha mesma comunidade autónoma xunto cun plan interior marítimo.

2. A coordinación de actuacións no caso de activación simultánea dun plan interior marítimo e dun plan territorial que dispoña de estrutura organizativa e medios propios para facer fronte a determinadas operacións no mar corresponderá ao órgano de dirección do plan territorial, sen que isto supoña a alteración substantiva nos esquemas básicos de organización ou funcionamento dos plans interiores marítimos.

3. Cando a coordinación da emerxencia sexa asumida por unha autoridade designada pola comunidade autónoma ou polas cidades de Ceuta e Melilla, corresponderá á dita autoridade incorporar aos órganos reitores da emerxencia un representante da Dirección Xeral da Mariña Mercante, que será normalmente o capitán marítimo competente por razón do lugar onde se produza o suceso, así como un representante da Dirección de Operacións da Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima (Sasemar), un representante da Delegación do Goberno e un representante da Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar. Se se encontran activados tamén plans interiores marítimos, deberase garantir, así mesmo, a representación das autoridades e instancias portuarias.

Artigo 12. *Coordinación entre plans do subsistema marítimo e do subsistema costeiro, cando está activado o Plan marítimo nacional.*

1. Nos casos en que se activen plans interiores marítimos xunto ao Plan marítimo nacional, a coordinación de actuacións corresponderá ao seu órgano de dirección, sen

que isto supoña a alteración substantiva nos esquemas básicos organizativos ou de funcionamento dos plans interiores marítimos.

2. Os plans interiores marítimos, os plans locais e os plans territoriais das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla deberanse coordinar e adaptar ao Plan marítimo nacional, nos termos do artigo 264 do Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 27/1992, naqueles aspectos que impliquen actuacións no mar.

3. En caso de activación conxunta dun plan territorial e do Plan marítimo nacional (situacións 1 ou 2), constituirase un órgano de coordinación formado por un representante da Delegación do Goberno, o capitán marítimo e o xefe da demarcación de costas competentes por razón do lugar onde se produza o evento, así como por tres representantes designados pola comunidade autónoma afectada.

Artigo 13. *Declaración e coordinación xeral dunha emerxencia en situación 3.*

No caso de que conorra algunha das circunstancias que definen unha emerxencia de situación 3, a estrutura e funcións dos órganos de coordinación de plans, que responderá ao principio de mando único, é a que se establece a continuación:

1. O coordinador xeral, que declarará a situación 3 de emerxencia, establecerá as prioridades de actuación en cada caso, de acordo coa información dispoñible, e facilitará a comunicación e a toma de decisións conxuntas entre os directores dos plans activados.

A coordinación xeral corresponderá ao ministro de Fomento (ou alternativamente ao ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, cando non está activado ningún plan do subsistema marítimo), salvo naquelas emerxencias que dean lugar á contaminación da costa que poida afectar a seguridade de persoas e bens e sexan declaradas de interese nacional conforme a normativa vixente en materia de protección civil, nas cales as funcións de coordinador xeral corresponderán ao ministro do Interior.

Declarada polo coordinador xeral a situación 3 de emerxencia, as autoridades que en cada caso correspondan determinarán a activación dos plans que integran o Sistema nacional de resposta ante a contaminación mariña e que se poidan ver afectados pola situación de emerxencia.

2. Un consello de dirección, cuxas misións principais serán asesorar o coordinador xeral na toma de decisións e achegar información adicional sobre as características das áreas que se van protexer.

3. Un consello técnico asesor, cuxa misión é facilitar ao coordinador xeral e aos directores dos plans activados información científica e técnica relativa ás características e comportamento do produto contaminante, ao medio afectado pola contaminación ou a calquera outro aspecto que puiden resultar relevante para a toma de decisións, así como asistencia xurídica na toma de decisións.

4. Un consello económico, cuxa misión é contabilizar os gastos ocasionados con motivo da contaminación e asesorar nos procedementos administrativos de contratación, así como coordinar as reclamacións correspondentes.

5. Un centro de información e relacións cos medios de comunicación social.

Artigo 14. *Composición dos órganos de coordinación de emerxencias en situación 3.*

En situación 3, a composición dos órganos mencionados será a seguinte:

a) O Consello de Dirección estará integrado polo director xeral da Mariña Mercante, o director xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar, o director xeral de Protección Civil e Emerxencias, o director do Departamento de Seguridade Nacional, o director xeral de Política de Defensa e o almirante segundo xefe do Estado Maior da Armada, e os directores dos plans territoriais e locais que estean activados. Os membros do Consello de Dirección poderán delegar en cada caso concreto na persoa da súa organización que consideren máis adecuada.

b) O Consello Técnico Asesor estará integrado polo director do Instituto Español de Oceanografía, o presidente da Axencia Estatal de Meteoroloxía, o presidente do Consello Superior de Investigacións Científicas, o director do Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas, o xefe da División de Operacións do Estado Maior da Armada, un representante da Unidade Militar de Emerxencias, o director e o xefe de operacións de Sasemar, o avogado do Estado xefe correspondente ao departamento ministerial do coordinador xeral da emerxencia, así como un representante designado pola autoridade competente de cada un dos plans territoriais que estean activados, ou as persoas en que estes deleguen, e aqueles expertos nacionais ou internacionais que sexan requiridos para iso polo coordinador xeral da emerxencia.

c) O Consello Económico estará integrado polos subdirectores xerais ou equivalentes responsables dos asuntos económicos nos centros directivos correspondentes aos integrantes do Consello de Dirección, ou as persoas en que estes deleguen.

d) O Centro de Información estará integrado por membros do gabinete de prensa do ministerio que corresponda ao coordinador xeral da emerxencia, xunto cos representantes dos distintos departamentos e comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla concernidos.